

Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendimento I (2º ESO): Ámbito Lingüístico-Social

**Departamento
Lingua castelá e Literatura**

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.	Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias.
Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	a) Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. b) Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos , aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións escritas.
Ler fragmentos ou obras da literatura española e galega, próximas aos propios gustos amosando interese pola lectura.	Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.
Situar no mapa de España e Galicia as unidades e os elementos principais de relevo.	Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español e galego.
Explicar as características fundamentais de cada tempo histórico (ata a Idade Media) e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	Ordena temporalmente e explica feitos históricos relevantes.

De acordo aos criterios e estándares de aprendizaxe nos que poñeremos o acento neste último trimestre, as **competencias** que se consideran imprescindibles potenciar son: a competencia lingüística e aprender a aprender.

2. Avaliación e cualificación

2.1. Avaliación: procedementos e instrumentos

As ferramentas e os procedementos que empregará a docente para facer o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado son os seguintes: rexistro de control de tarefas, rúbricas, traballo monográfico, reseña literaria e probas, todas elas de apoio e repaso dos contidos traballados durante as clases presenciais. Hai que subliñar que nesta situación excepcional a autoavaliación terá un peso destacado; é dicir, o alumnado fará como práctica habitual un diagnóstico do seu propio proceso de aprendizaxe.

2.2. Cualificación final:

Ante a situación de excepcionalidade vivida neste terceiro trimestre do curso 2019-20, e tendo en conta as *instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* unhas, as disposicións do Ministerio de Educación outras, modifícanse os criterios e os instrumentos de avaliación que figuran na PD do Ámbito lingüístico-social de PMAR I para este trimestre e para a obtención da nota final do curso. A saber:

- 1) En caso de non poder realizar ningún exame con fiabilidade de resultados e autoría, tendo en conta que a terceira avaliación é diagnóstica, as prácticas enviadas e recibidas marcarán (salvo casos excepcionais de non dispoñibilidade contrastada de medios telemáticos-fenda dixital-) a posible subida da nota obtida na **segunda avaliación**. Se non se entregan as prácticas no prazo requerido pola profesora, prevalecerá a nota da segunda avaliación, agás nos casos nomeados.
- 2) No caso de que a nota da 2ª avaliación sexa inferior á da 1ª, aplicarase a seguinte ponderación para obter a nota:
 - Nota da 2ª avaliación representa o 60%
 - Nota da 1ª avaliación representa o 40%.
- 3) As prácticas consistirán no reforzo e profundización do visto nas avaliacións anteriores, comprendendo todos os bloques de contidos da materia, incidindo no reforzo competencial do alumnado e sobre todo, prevalecendo a competencia lingüística, clave en todo o ámbito lingüístico-social. De ampliar materia, esta non será avaliable aínda que si poderá ser valorada polo esforzo de ter feita a tarefa correspondente.
- 4) A soa resolución das prácticas (o esforzo que implica e a aprendizaxe na resolución e corrección) implicará a subida da nota das avaliacións anteriores.

- 5) As tarefas enviadas *a posteriori*, é decir, fóra de prazo, e que non teñan xustificación, non se terán en conta para facer unha valoración positiva do rendimento académico do alumno/a ao longo do trimestre.
- 6) Precisión do valor cuantificador das prácticas/ tarefas para o alumnado aprobado e suspenso:

6.1. O **alumnado aprobado** que entregue e realice as tarefas incrementará a súa cualificación ata un máximo de 2 puntos sobre a 2ª avaliación ou sobre a media ponderada (40-60%) da nota final obtida da 1ª e 2ª avaliación, segundo sexa o seu caso. A puntuación resolverase a partir do seguinte baremo:

NÚMERO DE OCASIÓNS SEN TAREFAS OU SEN ACTIVIDADES semanais REQUERIDAS	BAREMO (puntuación obtida)
5	0 puntos
4	0.20 puntos
3	0.75 puntos
2	1.25 puntos
1	1.75 puntos
0	2 puntos

A entrega (envío telemático) de tarefas á profesora de maneira incompleta, é decir, sen resolver algunha/s pregunta/s, poderase interpretar como unha demostración de falta de interese, especialmente se o/a alumno/a achega con frecuencia tarefas a medio facer. Por conseguinte, considerarase que esa persoa non será merecedora da obtención da puntuación máxima: 2 puntos.

6.2. O **alumnado coa 2ª avaliación suspensa**, poderá recuperala coa realización das tarefas semanais baixo as seguintes condicións: que sexan entregadas en tempo e forma; que sexan realizadas de maneira lícita, con autoría do propio alumnado ao que se dirixe; que sexan avaliadas cunha cualificación mínima de 5 sobre 10 puntos. O alumnado recibirá a nota correspondente á media aritmética da valoración das súas tarefas, tendo en conta positivamente a súa realización (*vid.* punto 4).

2.3. Proba extraordinaria de setembro:

De non superar a materia en xuño, o/a alumno/a deberá facer unha proba escrita na convocatoria extraordinaria de setembro. O mesmo día da proba deberá entregar un traballo de recuperación que ao rematar o curso académico en xuño lle proporcionará (por vía telemática) a profesora. A nota final será a suma final da proba escrita (que contará ata un 60% sempre que supere o 3,5 sobre 10) e do traballo de recuperación entregado (que contará ata un 40%).

2.4. Avaliación da materia pendente:

a) Criterios de avaliación: terán como referente fundamental as competencias e os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis recollidos na programación de 1º ESO.

b) Criterios de cualificación, instrumentos e procedementos de avaliación:

- Lingua castelá e literatura 1º ESO: no caso de ter aprobadas as dúas primeiras avaliacións, ou no seu defecto a última de PMAR, terán valor as notas obtidas neste curso; si non fose así o alumnado pendente entregará un *dossier* de actividades coas que poderá repasar, reforzar e profundizar nos contidos mínimos da materia. A profesora do ámbito realizará un seguimento das tarefas solicitadas que lle serán entregadas a través de *classroom* ou por medio do correo *iespobra.com*. Este *dossier* deberá ser entregado completamente feito o día fixado e comunicado ao alumnado. Estas actividades serán valoradas para aprobar cunha cualificación mínima de 5 sobre 10. No caso de non conseguir o aprobado polas vías anteriores, no mes de setembro celebrárase unha proba extraordinaria na data que determine Xefatura de Estudos e consistirá nun exame presencial.
- Xeografía e Historia 1º ESO: a estas alturas do curso só queda unha estudante sen superar a materia de Xeografía e Historia de 1º ESO. Esta debe entregar unhas prácticas solicitadas polo dpto. de Xeografía e Historia para superar a materia pendente. A súa entrega será no mes de xuño o día fixado e comunicado á alumna. No caso de non conseguir o aprobado polas vías anteriores, no mes de setembro celebrárase unha proba extraordinaria na data que determine Xefatura de Estudos e consistirá nun exame presencial.
- Lingua e Literatura galega 1º ESO: non hai ningún alumno/a coa materia pendente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades que se desenvolven neste trimestre serán basicamente de reforzo e profundización; ao mesmo tempo as tarefas programadas servirán de recuperación para aqueles que de acordo aos novos criterios de cualificación aínda teñen o ámbito sen superar.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	A metodoloxía será activa. Cunha periodicidade semanal a profesora propón tarefas que deben resolver nesa mesma semana agás dous traballos (reseña literaria e un traballo con intención literaria) que deben entregar cara ao final do trimestre. Feita a intervención titorial e do equipo directivo coas familias, hai notificación de que todo o alumnado que conforma o grupo PMAR I dispón de conectividade.
Materiais e recursos	Prevalecen, dada a situación de excepcionalidade, os materiais e recursos dixitais: -blogue <i>viaxeaitaca</i> (para tratar os contidos de Xeografía e Historia); -documentos <i>drive</i> e PDF para a realización de prácticas/tarefas; -recursos do repositorio do espazo Abalar; -demáis recursos multimedia para apoiar as aprendizaxes do trimestre.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As canles de comunicación son as seguintes: - <i>google classroom</i> ; - correo electrónico <i>iespobra.com</i> ; - inicialmente tamén a páxina <i>web</i> do centro de ensino.
Publicidade	Páxina <i>web</i> do centro.